# <u>XOVES 7 E VENRES 8 DE MAIO DE 2020</u>

Boas castores medianos! Presentámosvos as actividades para facer estes dous días que quedan desta semana tan cortiña...pasouse voando! ☺ Como sempre, as fichas que nos tocarían máis algunha actividade de reforzo dos coñecementos e ampliación, e o Venres, estade atentos, porque aínda que o traballo para ese día vai aquí, colgaremos propostas interesantes para que vos entreteñades en familia!

Ánimo!

## <u>ACTIVIDADES:</u>

- **<u>XOVES 7 DE MAIO:</u>**
  - <u>Ficha 15</u>: LLENO/VACÍO: (páx. 15)






Imos empezar con un xogo divertido, o que propón o propio libro, imos cantar: “ La gallina Papanata puso un huevo en al canasta, puso dos, puso tres, puso cuatro, puso cinco, puso seis...¿quieres que te los cuente otra vez?...Ahora reflexionar...cantos ovos puxo a galiña Papanata? E...antes de poñer os ovos...como estaba o niño?...podédesvos axudar cos dedos e aí a resposta...antes había cero...o que quere dicir que estaba...baleiro

Agora busca pola casas obxectos ou cousas que estean cheas e baleiras, e explica o por qué.

A continuación, ímonos fixar nos niños das aves, de que están feitos? Que forma teñen? Viches algunha vez algún? Agora, é o momento de que collades os gomets e peguedes, á vosa elección, sabendo que un niño ten que

quedar cheo e outro baleiro...cantos pegaches no que enchiches? Escribe o número ó lado. Despois, tes que debuxar un paxariño para que coide dos ovos...como se chama a boca dos paxaros? E as pernas? Rodeaas en vermello e escribe o nome.

Polo reverso, deberás unir cada animal coa súa casa e fixarte nas características das mesmas. Sabes diferenciar onde vive cada animal? Proba na seguinte actividade!



Para completar esta actividade, pero dun xeito máis ameno, deixámosvos uns enlaces para actividades tic sobre animais moi divertidas, seguro que así asentades mellor os conceptos e pasades un rato de moita risa!

http://www.waece.org/sabemos/principal.htm

http://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/contenidosdigitales/programasflash/Medusa/JugandoPalabras/animales/jugandoconpalabras.html

http://www.ceiploreto.es/sugerencias/JClic/animale2/index.html

- <u>Ficha 16</u>: LA MARCHA DE LOS LEONES (páxina 16)



Adiviña...O meu pelo é unha longa melena, son moi forte e veloz, teño unha boca moi grande, e asusto coa miña voz...quen son?

Seguramente xa o adiviñaríades non? Pero para seguir xogando, antes de descubrilo, animámosvos a DEBUXAR O QUE CREDES QUE É, COLOREALO E POÑERLLE O NOME... a ver se estabades no certo...AGORA SÍ! UN LEÓN!

E non sabemos se sabiades que os leóns tamén bailaban... Escoitade esta canción...a ver qué imaxinades e se vos sentides poderosos bailando como o rei da selva!

https://www.youtube.com/watch?v=7WJg_vY0NeY

Para descansar un pouquiño, nesta actividade tes que facer o debuxo do que imaxinaches mentres estabas bailando, ¡un pequeño mural de cómo crees ti que se portan os leóns bailando esta canción!

Podeddes recuperar do material que mandamos as tarxetas de animais, ou cómo se moven, para facer exercicio na casa con elas e practicar un pouco de psicomotricidade!

E por si queredes seguir bailando…outra canción cos ruidos dos animais!

https://www.youtube.com/watch?v=9CsspCqIWeo

Ademais, se queredes facer algunha manualidade, propoñemos as seguintes para facer caretas, marionetas...













- **VENRES 8 DE MAIO:**
  - Ficha 17: ALREDEDOR:  (páxina 17)



Xa vimos esta imaxen noutras ocasións...que é? Unha selva? O mar? Non...o deserto! Descibe o que ves na foto e tamén cóntalle a mamá, papá ou que vos axude, que coñecedes do deserto e que animais viven nel. Despois, colle as pegatinas dos animais e colócaas arrededor do charco...

Que significa arrededor? Seguro que pegando os animais xa sabes que é rodeando unha cousa...polo que vámosvos pedir que pensedes que hai

arredor da vosa casa, e, nun folio, DEBUXA A TÚA CASA E O QUE ENCONTRADES RODEÁNDOA!

Sabedes tamén que un bo xogo para aprender a rodear é a PITA CEGA? Pois xa sabedes...a xogar un pouquiño que sempre está ben...pero non podes escaparte máis alá que arredor da pita! Non fagades trampas!



## LECTURA CON PICTOGRAMAS

EN EL  HACE  DE DÍA PERO DE

NOCHE HACE  EL FUERTE  HACE QUE

SE FORMEN  Y HAY POCA 

EN EL DESIERTO SUELE HABER  Y POCOS

ANIMALES, COMO EL  Y EL  . HAY

POCOS HABITANTES



dibujosdenube.blogspot.com

Recordade que nas vosas casas tedes as **revistas trimestrais** e aí teredes tamén moita información sobre os animais! Correde a buscala para coñecer máis!

- FICHA 18: LOS VIAJES DE CANDI (páxina 18):



Imos viaxar un pouco no tempo, á prehistoria, da que xa coñecedes como vivían porque o vimos nas aulas este curso e xa falamos un pouquiño sobre ela. Igual que as persoas cambiaron dende aquela...vedes nesta actividade que os animais evolucionaron e incluso algúns...xa non existen agora! Como por exemplo os dinosauros!

O que tedes que facer, é buscar o camiño de cada animal prehistórico co seu irmá actual...a cales se corresponde? Intenta escribir os nomes ó carón das fotografias.

Agora, busca un animal que teñas pola casa, o que ti queiras, o teu favorito, e fai o debuxo de como cres que sería na prehistoria...fixo que saen unas creacións moi bonitas! Podes aproveitar se colledes os animais de xoguete, para clasificalos segundo onde viven, xa que agora sodes moi expertos: na selva, sabana, deserto...

Outras propsotas!





• MARCA TANTOS CASILLEROS COMO ANIMALES ENCUENTRES.

Este material no puede ser reproducido sin previa autorización de KEL EDICIONES S.A.

E por último...estas dúas propostas...esperemos que vos gustaran e xa que traballaches moito e chegou o fin de semana...A DISFRUTAR!!! MOITO ANIMO CASTORES!




